

WONDERSTRUCK. O MUSEO DAS MARABILLAS

[Todd Haynes, 2017]

325

ESTREA EN NUMAX: 05.01.2018 | V.O.S.E. | TP

Wonderstruck (2017, 120')

Dirección: Todd Haynes

Guión: Brian Selznick (Novela: Brian Selznick)

Elenco: Oakes Fegley, Julianne Moore, Millicent Simmonds, Michelle Williams, Amy Hargreaves, Cory Michael Smith

Son: Drew Kunin

Montaxe: Affonso Gonçalves

Fotografía: Edward Lachman

Vestuario: Sandy Powell

Dirección de arte: Ryan Heck, Kim Jennings

Música: Carter Burwell

Produtoras: Amazon Studios, Killer Films (Estados Unidos)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP4K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Carol, 2015

I'm Not There, 2007

Lejos del cielo, 2002

Velvet Goldmine, 1998

Safe, 1997

Veneno (Poison), 1991

Superstar: The Karen Carpenter Story, 1987

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Sección oficial), Satellite Awards 2017 (Nomeado a mellor guión adaptado e banda sonora), Camerimage 2017 (Sección oficial)

SINOPSE

Ben e Rose son nenos de dúas épocas distintas, que desexan en segredo que as súas vidas sexan diferentes. Ben soña co pai que nunca coñeceu, namentres Rose faino cunha misteriosa actriz cuxa vida narra nun libro de recordos. Cando Ben descobre unha pista en casa e Rose le un tentador titular no xornal, ambos comezan unha busca que se desenvolverá cunha fascinante simetría.

«Está chea de imaxes máxicas e silencios misteriosos. Unha película sobre a infancia, a comunicación, a conexión e a memoria»

David Rooney, THE HOLLYWOOD REPORTER



WONDERSTRUCK. O MUSEO DAS MARABILLAS

[Todd Haynes, 2017]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“O filme fala da natureza indómita da infancia”

Entrevista con Todd Haynes

Por Renee Montagne

A primeira parte do filme sucede na era silente, por tanto fixeche un pequeno filme mudo. Fixemos, si.

Hai un anaco da historia que amosa o personaxe da pequena Rose, interpretado por Millicent Simmonds, indo a unha sala de cinema. Temos literalmente un filme dentro doutro filme e un anaco de historia que trata do propio cinema.

E a pequena Rose vai ver o filme porque pode velo sen necesidade de ouvir. Exactamente, esa é unha das

primeiras revelacións. Cando o son entra na escena hai unha parte dos espectadores que fican segregados. Trátase dun momento clave no filme e na historia da pequena Rose, cando comproba que a sala á que vai acotío en Hoboken incorpora a tecnoloxía sonora. Todo un acontecemento que a sacude profundamente.

A rapaza berra acotío, amósase enfadada. É un filme silente pero vemos rostros anoxados. A historia transcorre despois da época de Helen Keller, unha personaxe moi importante para a inclusión educativa do alumnado cego e xordo. Na época do filme houbo unha regresión e unha imposición da

oralidade, unha asimilación forzosa da infancia a unha sociedade cada vez máis sonora. En 1960 publicouse un artigo sobre a linguaxe de signos e a cousa comezou a cambiar, iniciando unha época de posta en valor desta caste de linguaxe. Coido que n' *O museo das marabillas* pódense experimentar os dous aspectos da mesma historia pois Ben, un raparigo que vive nos anos 70, vólvese xordo no curso do filme.

Millicent Simmonds, actriz que é, de feito, xorda, sostén a súa actuación practicamente cos ollos. Coido que este feito lle engade un plus de autenticidade ao filme. Coido que máis aló da súa xordeira, Millie é un ser humano moi particular e unha persoa excepcional. É difícil de imaxinar a súa intuición innata para a cámara.

Ultimamente fixeras filmes para público adulto, sobre xente en difíciles circunstancias. Por que agora un filme sobre nenos? O filme fala dunha certa natureza indómita da infancia, sobre a súa habilidade para enfrontar retos descoñecidos con afouteza. Creo que remite en moitos aspectos a filmes que vin sendo neno e que seguramente fosen para rapaces maiores ca min pero que meus pais me amosaron igualmente. Filmes que me fixeron querer saber algo máis sobre a vida e o cinema e, finalmente, fixéronme querer ser director de cinema.

Publicado en www.npr.org/

Os filmes que inspiraron *O museo das marabillas*

Por Alberto Achar

Todd Haynes compilou para IndieWire unha listaxe dos filmes que inspiraron o proceso de creación d' *O museo das marabillas*:

***Y el mundo marcha* (King Vidor, 1928)**

Filme silente que segue as dificultades e tribulacións dunha parella de clase traballadora en tempos de entreguerras. Haynes descríbela como un «marabilloso exemplo de enxeño e dirección».

***La noche del cazador* (Charles Laughton, 1955)**

Ao igual c' *O museo das marabillas* o filme de Laughton está protagonizado por nenos, en concreto dous irmáns cuxa nai casa cun psicópata á procura dunha boa suma de diñeiro deixado polo defunto pai dos pequenos.

***Walkabout* (Nicolas Roeg, 1971)**

Célebre filme de Nicolas Roeg que segue, de novo, a dous irmáns a vagar polo interior de Australia, tomando contacto cun neno aborixe que vai experimentar o rito de paso da infancia á idade adulta.

***Sunder* (Martin Ritt, 1972)**

O filme de Ritt segue a viaxe persoal de varios nenos durante a Gran Depresión. «Só lembro ter experimentado unha intensa reacción emocional ao ver o filme sendo un rapaz», recorda Haynes.

Publicado en www.indiewire.com/
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***Maravillas*, Brian Selznick.** SM, 2012

***Carol*, Todd Haynes.** Vertigo [DVD]

***Mildred Davis*, Todd Haynes.** Warner [DVD]

Cofre Nicolas Roeg. Potemkine [DVD]

***La noche del cazador*, Charles Laughton.** MGM [BluRay&DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Abónate
e ven sempre
por **4,5€**

**Faite
NUMAX!**